



SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA AXUDA

O prazo para solicitar o pagamento será dun máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao remate do período de subministración correspondente:

- Para o 1º período que abarca o reparto de novembro de 2022 a febreiro de 2023: comeza o 1 de marzo de 2023.

- Para o 2º período que abarca o reparto de marzo de 2023 a xuño de 2023: comeza o 1 de xullo de 2023.

Deben presentar unha solicitude de pagamento (ANEXO III) para cada tipo de produto (UNHA SOLICITUDE DE PAGAMENTO PARA FROITA E OUTRA SOLICITUDE DE PAGAMENTO DISTINTA PARA LEITE) e para cada período de reparto. As solicitudes faranse a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/> Procedemento MR265C), e anexaranse os seguintes documentos xustificativos:

- Os tres presupostos de diferentes provedores.
- As facturas xustificativas de pagamento dos produtos subministrados ao alumnado, que reflectiran, por separado, o custo unitario e o custo total de cada produto.
- Unha proba do seu pagamento (xustificación de transferencia bancaria).
- No caso de subministrar produtos avalados polos réximes de calidade (produtos ecolóxicos, Leite Galega 100%, etc...) achegarase a documentación acreditativa correspondente:
 - a) Se adquiren os produtos directamente a produtores:
 - Certificado emitido polo órgano competente correspondente de que os produtos distribuídos están avalados por un réxime de calidade diferenciada, e
 - Fotografía da etiquetaxe dos produtos distribuídos onde figure a dita denominación.
 - b) Os demais:
 - Copia da factura de compra dos produtos que se distribuíron onde figure a denominación de produto de calidade diferenciada, e
 - Fotografía da etiquetaxe dos produtos distribuídos onde figure a dita denominación.

Volvemos a insistir en que a presentación da solicitude de pagamento farase **sempre separada para cada período de reparto e para cada produto. É dicir, para cada período teñen que presentar unha solicitude para froita e outra distinta para leite.**

Lembren que a existencia de calquera irregularidade na execución desta liña de axuda poderá dar lugar á minoración ou denegación do seu importe.